

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

CURSO 2022-2023

ÍNDICE XERAL

	páx.
ÍNDICE.....	2
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS.....	6
METODOLOXÍA DIDÁCTICA ESO E BACHARELATO.....	9
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ESO E BACHARELATO.....	10
ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	11
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ESO E BACHARELATO.....	11
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ESO E BACHARELATO.....	12
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ESO E BACHARELATO.....	13
PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	14
PLANO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES ESO E BACHARELATO.....	14
PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH.).....	15
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE.....	15
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	16
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	16
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	17
SECCIÓNS BILINGÜES.....	17
CLUB DE CIENCIA.....	19
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	22
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	23
DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	24
DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN POR NIVEIS:	
-2º Curso da ESO (Paisaxe e Sustentabilidade): Obxectivos, contribución ao desenvolvemento das competencias, temporalización, aspectos curriculares desenvolvidos por tema (relación estándares, grao mínimo, criterios avaliación, peso, instrumentos,) criterios de cualificación.....	34
-4º Curso da ESO (Biología e Xeología): Obxectivos, contribución ao desenvolvemento das competencias, temporalización, aspectos curriculares desenvolvidos por tema (relación estándares, grao mínimo, criterios avaliación, peso, instrumentos,) criterios de cualificación.....	49
-Biología. 2º bacharelato: Obxectivos, contribución ao desenvolvemento das competencias, temporalización, aspectos curriculares desenvolvidos por tema (relación estándares, grao mínimo, criterios avaliación, peso, instrumentos,) criterios de cualificación.....	138
-Ámbito Científico Matemático (PMAR). 2º ESO: Obxectivos, contribución ao desenvolvemento das competencias, temporalización, aspectos curriculares desenvolvidos por tema. Criterios de avaliación.....	139
ADENDA COVID- 19 PROGRAMACIÓN NON PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL CURSO 2022/2023.....	185

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Referencias normativas

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro*, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).B15educativa (LOMCE).
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro*, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29)educativa (LOMCE).
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9)
- *Orde do 15 de xullo de 2015* pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- *Resolución do 29 de maio de 2019*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2019/20 para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de xuño).
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

O centro educativo

O *I.E.S. Primeiro de Marzo* é un centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por un edificio principal, un ximnasio con pista cuberta e un anexo cafetería.

O recinto escolar conta cunha pequena superficie axardinada e unha moito maior de antigo uso forestal.



Situación



O centro educativo atópase emprazado no concello de Baiona. Este concello está localizado no sudoeste da provincia de Pontevedra e pertencente á comarca de Vigo e a súa área metropolitana. Ten unha poboación de máis de 12.000 habitantes distribuída nas parroquias: de Baiona, Baíña, Baredo, Belesar e Sabarís.

O alumnado da ESO provén maiormente Baíña, Baredo e Sabarís, quedando atendido polo veciño C.P.I. *Cova Terreña*, o correspondente á vila de Baiona e a Belesar. O centro recolle tamén o alumnado do limítrofe concello de Oia, concretamente o das localidades de Mougás, Pedornes, Viladesuso e Oia.

No referido á situación socioeconómica do alumnado, a maioría das familias encádranse dentro da clase baixa e media, adicadas ao sector turístico, agricultura de autoconsumo e pesca de baixura e marisqueo. En canto á situación da residencia familiar predomina o alumnado que provén dos pequenos núcleos de poboación periférica á vila de Baiona, no caso da ESO, e todo o concello e limítrofes no caso do Bacharelato.

Centros adscritos

Os centros adscritos son:

- CEIP *Fontes-Baiña* (Baiña, Baiona)
- CEP *Sabarís* (Sabarís, Baiona)
- CEIP *Mestre Manuel García* (Oia)

Ensinanzas que oferta o centro

Dentro do réxime xeral, o centro oferta:

- Educación Secundaria Obrigatoria cun programa PMAR en 2º e 3º da ESO
- Programas de Formación profesional básica de *Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios*.
- Ciclo formativo de grao superior: *Animación Sociocultural e Turística* (LOE).
- Bacharelatos nas modalidades de *Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais*.

O ALUMNADO

No presente curso académico 2022-2023 contamos cunha matrícula de 397 alumnas e alumnos (a mes de setembro) que se distribúe do seguinte xeito:

- | | |
|--|---|
| • 1º ESO: 47 alumnos/as distribuídos/as en 2 grupos | • 2º Bacharelato: 73 alumnos/as distribuídos/as en 3 grupos |
| • 2º ESO: 54 alumnos/as distribuídos en 3 grupos | • 1º ASCT: 13 alumnos/as distribuídos nun só grupos |
| • 3º ESO: 51 alumnos distribuídos en 3 grupos | • 2º ASCT: 11 alumnos/as distribuídos nun só grupo |
| • 4º ESO: 52 alumnos distribuídos en 2 grupos | • 1º FP básica: 12 alumnos distribuídos nun só grupo |
| • 1º Bacharelato: 69 alumno/as distribuídos/as en 3 grupos | • 2º FP básica: 16 alumnos distribuídos un só grupo |

No referido as necesidades educativas do alumnado (ANNEE), estas son variadas e bastante frecuentes desfasas Curriculares (ante a falta dunha diagnose) e nas diagnosticadas: TDA, TDAH e algúns TAE. No presente curso académico, e a proposta do departamento de orientación, non se realizan ACIs, senón adaptación curriculares non significativas en forma de Reforzo Educativo para 1º e 2º da ESO.

Dacordo coa normativa actual, atenderase ao alumnado con diagnose de NEE co correspondente protocolo de actuación:

- [Protocolo de Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo](#)
- [Protocolo de Consenso sobre TDAH no Ensino](#)

Tamén salienta que os propios programas PMAR e PDC, ofertados en 2º e 3º da ESO, atenden a parte deste alumnado.

O PROFESORADO

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Primeiro de Marzo-Baiona no curso 2022/2023 está constituído polos docentes que se relacionan a continuación:

Hugo Alberto Casas Rodríguez.- Catedrático con destino definitivo no centro e Xefe do departamento.

José Antonio Martínez Comesaña.- PES con destino definitivo no centro.

Marcos Lago Álvarez.- Catedrático con destino definitivo no centro.

A distribución dos cursos, grupos e horas por profesor aparece recollida na seguinte táboa:

PROFESORADO	Cursos, grupos e horas lectivas impartidas á semana
Hugo Alberto Casas Rodríguez	<p><i>Paisaxe e Sustentabilidade. 2º ESO. 1 grupo (SB x 1h) = 1h</i> <i>Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. 1 grupo x 2h = 2h</i> <i>Ámbito CM 3º ESO PDC 1 grupo x 8h = 8h</i> <i>Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO. 1 grupo x 3h = 3h</i> <i>Desdobre laboratorio en 1º bach. 1 grupo x 1h = 1h</i> <i>Horas de coordinación da sección bilingües (1h)</i> <i>Titoría 3º ESO PDC 1 = 1h</i> <i>Completa horario coa Xefatura de Departamento: 3h.</i></p>
Marcos Lago Álvarez	<p><i>Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. 1 grupo (SB) x 2h = 2h</i> <i>Bioloxía e Xeoloxía. 1º Bacharelato. 1 grupo x 4h = 4h</i> <i>Desdobre laboratorio en 1º ESO. 2 grupos x 1h = 2h</i> <i>Desdobre laboratorio en 2º BACH. 1 grupo x 1h = 1h</i> <i>Ámbito CM 2º FP Básica 1 grupo x 7h = 7h</i> <i>Desdobre laboratorio en 4º eso 1 grupo x 1h =</i> <i>Reforzo 1º ESO 2 grupos x 1 = 2 horas</i> <i>Coordinación das Seccións Bilingües (1h)</i></p>
José Antonio Martínez Comesaña	<p><i>Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO. 2 grupos x 3h = 6h</i> <i>Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. 1 grupo x 2h = 2h</i> <i>Ámbito CM 2º ESO PMAR 1 grupo x 8h = 8h</i> <i>Bioloxía. 2º Bacharelato. 1 grupo x 4h = 4h</i></p>

ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía. 1º ESO. 2 grupos: 1º A/B/C (52) • Paisaxe e Sustentabilidade. 2º ESO. Hai unha Sección Bilingüe (Inglés/Galego) 2º A+B + C SB (17) • Bioloxía e Xeoloxía. 3º ESO. Hai unha Sección Bilingüe (Inglés/Galego). 3º A+B (32) e 3º A+B SB (20). • Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO. A+ B (26). • Ámbito científico-matemático PMAR en 2º ESO C (6). • Ámbito científico-matemático PDC en 3º ESO C (10) • Ámbito científico-matemático FP básica 2º (16)

Bacharelato

- **Bioloxía e CC ambientais. 1º Bacharelato. 1º BiXe (14)**
- **Bioloxía. 2º Bacharelato. 2º Bio (20)**

Os cursos onde se imparten materias relacionadas co departamento e afíns recóllense na seguinte táboa:

Horario de reunións de departamento

Establécese, por consenso, que as reunións de departamento se desenvolvan nos recreos que se consideren oportunos, levantándose acta das mesmas canda menos unha vez ao mes, tal e como recolle a lexislación vixente. Nestas actas recolleranse as principais incidencias e acordos ao longo do curso.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

NA ESO

Segundo o Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na área de Bioloxía e Xeoloxía incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

A contribución de cada materia impartida polo departamento didáctico a adquisición das competencias aparece recollida no apartado específico.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que fagan posible o bo desempeño do alumnado na materia.

Os **descritores** que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de

todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descritor de cada un destes indicadores.

Os **descritores** aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Competencia dixital

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes **descritores** da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes **descritores**:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que fan posible que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes **descritores**:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai facer posible unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende.

Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes **descritores**:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área.

Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos **descritores** de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

NO BACHARELATO

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.^a Comunicación lingüística.
- 2.^a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.^a Competencia dixital.
- 4.^a Aprender a aprender.
- 5.^a Competencias sociais e cívicas.
- 6.^a Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.^a Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Bioloxía e Xeoloxía para 1.º de Bacharelato, tal e como suxire a lei, potenciose o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valorar estes, serán os estándares de aprendizaxe avaliáveis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

A contribución de cada materia impartida polo departamento didáctico a adquisición das competencias aparece recollida no apartado específico.

A materia Bioloxía e Xeoloxía utiliza unha terminoloxía formal que lles permitirá aos alumnos incorporar esta linguaxe e os seus termos para utilízalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia; para desenvolver esta competencia os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A elaboración de modelos que representen aspectos da natureza, a observación e a apreciación da beleza natural e da harmonía dunha paisaxe, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Bioloxía e Xeoloxía de 1.º de Bacharelato, o que contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais** ao fomentar a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA XERAL

A metodoloxía empregada guiarase polos seguintes principios:

- Seguir as pautas marcadas pola lexislación vixente.
- Deberá ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes
- Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxectivo de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo
- Avaliar os coñecementos previos sobre a materia, a expresión escrita, o razoamento matemático e posible utilización de instrumentos de laboratorio e campo.
- Despertar o interese do alumnado pola adquisición de novos coñecementos tendo sempre presente os coñecementos previos.
- Buscar unha aprendizaxe comprensiva e activa sen desdeñar a importancia da memoria na adquisición de coñecementos.
- Utilizar mecanismos de autoavaliación e reflexión para a integración dos novos coñecementos adquiridos.
- Incitar e promover a aproximación directa do alumnado aos materiais e fenómenos naturais mediante actividades prácticas, material audiovisual, etc.

- Traballar cunha ampla variedade de recursos que aporten información e faciliten a realización das actividades.
- Buscar activamente a integración de todo o alumnado no proceso de ensino tendo en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento das necesidades de cadaquén.
- Fomentar a participación e o diálogo na aula.
- Facer efectivo o traballo en grupo.
- Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas.
- Traballarase a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica.
- Dedicarase un tempo á lectura na práctica docente para promover a comprensión lectora e o uso da información.
- Participar dun xeito supradisciplinar desde a área.
- Promover e incorporar actividades relacionadas con temas transversais.
- Contribuír ao desenvolvemento da competencia comunicativa plurilingüe ofertando no currículo diversidade lingüística.
- Facer unha avaliación continuada e progresiva estudando o maior número posible de parámetros e a súa evolución individual e grupal.
- Fomentar actitudes como a tolerancia, a cooperación, a actitude positiva diante do traballo e da problemática ambiental, civismo, rexeite da violencia...

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ESO E BACHARELATO

Entre os materiais e recursos didácticos empregados pódense sinalar os seguintes:

- Explicacións verbais.
- Emprego da pizarra, de murais, de láminas...
- Libros de texto. Utilízanse obrigatoriamente:

- **1º 3º e 4º da ESO. Bioloxía e Xeoloxía. Ed. Santillana LOMLOE**
- **4º da ESO Bioloxía e Xeoloxía. Ed. Anaya LOMCE**
- **3º ESO Sección Bilingüe: Biology & Geology. Ed. Santillana LOMLOE**

Por outro lado, recoméndanse o seu uso:

- **2º ESO . PAGUS. Galicia, un país de paisaxes.** Proxecto Terra.
- **1º de bacharelato. Bioloxía e CC ambientais. . Ed. Santillana LOMLOE**
- Biblioteca do centro.
- Videoproxector dixital e Ordenador portátil.
- Reprodutor de vídeo e reprodutor de DVD´s.
- Equipo informático-multimedia (de sobremesa)
- Pizarra electrónica.
- Mapas topográficos e xeolóxicos.
- Brúxulas.
- Prismáticos e telescopio terrestre.
- Material de laboratorio:
 - Preparacións diversas, colección de fósiles, colección de minerais e colección de rochas.
 - Materiais de medición: balanzas, probetas, metros, barómetros, termómetros...
 - Microscopios e material de microscopía, binoculares.

- Reactivos químicos e outras substancias.
- Materiais diversos de vidro, frascos, gradillas, pinzas, trípodes, mecheros, morteiros...
- Material de disección.
- Modelos moleculares.
- Instrumentos para a observación: prismáticos e telescopio terrestre.
- Estación meteorolóxica informatizada.
- Aula de informática.

Para facilitar o seguimento da clase e ante a posibilidade de confinamentos de parte do alumnado ou totais. Todo o material tratado na clase estará ao dispor na aula virtual da materia creada a tal efecto.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarán en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia.

En calquera caso, na área de Bioloxía e Xeoloxía faremos fincapé especial nos seguintes elementos transversais :

- **Comprensión lectora** (CL)
- **Expresión oral e escrita** (EOE)
- **Comunicación audiovisual** (CA)
- **O tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación** (TIC)
- **Emprendemento**: análise e interpretación de datos e elaboración de conclusións razoadas (EMP)
- **Valores persoais**: respecto os compañeiros do traballo en grupo e aos demais equipos (VP)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso académico **2022/2023** dada a situación excepcional que se viviu debido á COVID-19 as actividades complementarias e extraescolares virán supeditadas á situación e as instrucións determinadas polas autoridades educativas e sanitarias.

No caso de ser posibles preténdese desenvolver actividades englobadas dentro da programación para reforzar e motivar no proceso de aprendizaxe do alumnado. Considérase indispensable unha visión real do medio natural que faga recapacitar e concienciar sobre o uso e abuso do medio natural.

Neste senso as pretensións do departamento son as de realizar, na medida das posibilidades, unha ou dúas saídas didácticas por trimestre e por nivel.

Dentro das *posibles actividades a desenvolver*, están:

- Observación ornitolóxica no esteiro do Miño. Realizarase en colaboración coa asociación ecolóxica ANABAM.
- Visita aos museos interactivos “Domus, Casa dos Peixes e Casa das Ciencias (Planetario)” da Coruña.
- Visita ao museo de Historia Natural “Luis Iglesias”, en Santiago.
- Visita ao Museo do Mar de Vigo.
- Estudo da zona litoral da Ramallosa ou algunha outra zona costeira de interese natural.
- Visita ao parque natural do Monte Aloia.
- Visita ao parque zoolóxico da Madroa, en Vigo.
- Saídas polo contorno do centro para o estudo do medio natural.
- Visita a EDAR de Baiona
- Visita ao Instituto Oceanográfico de Vigo.
- Visitas a distintas entidades ou empresas relacionadas co medio ambiente e o estudo de impacto medioambiental.
- Visita á Universidade de Vigo.
- Visita ao parque natural das Illas Cíes.
- Participación no Proxecto Ríos con 2º e 3º da ESO
- Participación no Proxecto Paisaxe e Sustentabilidade con 2º e 3º da ESO
- Participación no mantemento e desenvolvemento da Horta e Xardín Escolar que temos no centro
- Participación na Olimpíada de Xeoloxía con 1º de Bacharelato.
- Laboratorio de Xeoloxía e ruta xeolóxica, *Programa As rochas que pisas* co xeólogo Francisco Canosa, 4º ESO e 1º bacharelato.
- *Museo Científico Xuvenil, Ciencia en movemento* (1º ESO)
- Visita a Galiciencia, mes de novembro/maio con 1º ESO

Ademais destas actividades programadas, sinálase a posibilidade de realizar outras que podan xurdir ó longo do curso escolar, organizadas por diferentes institucións ou entidades, nas que a temática ou contidos se axusten coa programación xeral do departamento (exposicións, conferencias, mostras itinerantes, proxeccións...). Tamén se debe considerar como actividades á participación en proxectos de distinta índole que sexan solicitados polo Depto. e que no momento de facer a programación están aínda sen confirmar polas entidades organizadoras. Do mesmo xeito cabe sinalar que o Departamento tamén participará nas actividades deseñadas por outros departamentos didácticos, fomentando deste xeito a interdisciplinabilidade curricular e a aprendizaxe globalizadora.

O Depto. de Bioloxía considera que todas as actividades ofertadas son de obrigada asistencia para o alumnado, a non ser que se xustifiquen causas de índole maior que terán o permiso de exención xustificadas pola Dirección do Centro.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación acordados a nivel de Departamento guíanse polos seguintes principios no marco das normas xerais vixentes representadas polo DCB:

A avaliación é un *proceso integral* no que se contemplan as seguintes dimensións:

- *Análise da aprendizaxe dos/as alumnos/as.*
- *Análise da práctica docente e do proceso de ensino.*

A avaliación debe ser:

- Individualizada. Valorarase a situación inicial e final de cada alumno/a.
- Formativa. Será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- Integradora. Deberá terse en conta a consecución dos obxectivos establecidos e do desenvolvemento das competencias correspondentes, en todas as materias
- Cualitativa. Non se avaliarán só os coñecementos.
- Orientadora. En función das perspectivas de futuro do alumnado, ¿acada a madurez suficiente para acometer a súa elección?
- No caso da ESO, ¿considérase axeitada a súa promoción aínda que todos os obxectivos de todas as áreas non foran superadas?.
- Continua. A súa evolución permítenos deducir con garantías unha progresión axeitada.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

QUE AVALIAR:

- A asistencia continuada á clase e a puntualidade.
- As ideas previas do alumnado antes de empezar a aprendizaxe.
- As estratexias metodolóxicas empregadas.
- As actividades realizadas polos/as alumnos/as, tanto individuais como en grupo.
- Os distintos tipos de contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais).
- Conceptos e vocabulario específicos.
- Destrezas xerais no uso da información, da expresión oral e escrita, dos hábitos de traballo e da organización do mesmo e a participación no traballo de equipo.
- Destrezas científicas como a observación, a experimentación, a resolución de problemas, etc.
- Actitude diante do traballo, da problemática ambiental, social, cultural, da tolerancia, da cooperación, da participación, da sensibilidade, etc.

COMO AVALIAR:

Para avaliar o progreso da aprendizaxe débese ter en conta:

- a) Utilizar variedade de procedementos e instrumentos (cuestionarios, pautas de observación, entrevistas, cadernos, realización de experiencias, de traballos de campo, de traballos en equipo, probas obxectivas...).
- b) Establecer criterios comúns para seleccionar os procedementos e instrumentos máis adecuados.
- c) Implicar ó alumnado no proceso da avaliación (a través da autoavaliación e a coavaliación).

CANDO AVALIAR:

Ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e dividido en tres fases:

- a) *Avaliación inicial*.- Para ver os coñecementos previos que posúen os alumnos a distintos niveis: de contidos, actitudes, hábitos...
- b) *Avaliación formativa*.- Analizar o progreso do alumnado durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- c) *Avaliación conxunta*.- Informe xeral do alumno: coñecementos, actitudes, consecución ou non dos obxectivos iniciais...

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar os recursos, capacidades e coñecementos que presenta o alumnado e así valorar as posibles necesidades educativas que afrontar. Esta avaliación inicial consistirá en:

- Empregar modelos de exames utilizados nos cursos anteriores, fichas ou actividades onde se plantexen contidos conceptuais ou procedementais que dean unha medida da cultura e a capacidade intelectual do alumnado.
- Tamén se empregarán os informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase...
- A realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

Unha vez detectados os problemas de determinado alumnado con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado para levar a cabo as medidas de atención máis adecuadas: clases de apoio, adaptacións curriculares, etc.

PLANO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Segundo o disposto na **resolución do 26 de Maio do 2022 (DOG 26-06-2022)** o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, unha vez reunido, decide adoptar as seguintes medidas para facilitarlle ao alumnado a superación das materias pendentes doutros cursos:

- Realización de *dunha proba*: unha *ordinaria en maio* para 2º de Bacharelato e no mes de xuño para 1º Bacharelato e ESO nas que se valorará se o alumnado acada os contidos mínimos esixibles que xa figuran na programación xeral do curso (ver anexo da programación, contidos mínimos). As datas destas probas terán que ser consensuadas coa Xefatura de Estudos do centro nunha das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. No presente curso académico **2022-2023** dada a situación da pandemia COVID-19 estas probas poderán ser presenciais ou telemáticas en función das instrucións das autoridades sanitarias e educativas
- Ademais das probas ordinarias, o departamento realizará unha serie de *probas trimestrais* de xeito que se dosifiquen os contidos.. O que se pretende é facilitar un proceso de avaliación progresivo que conleve a superación dos obxectivos mínimos. Cando se considere oportuno as probas serán substituídas na ESO por un caderno de actividades se procede.
- No presente curso académico **2022-2023** dada a situación da pandemia COVID-19 estas probas poderán ser presenciais ou telemáticas en función das instrucións das autoridades sanitarias e educativas. O calendario será organizado en función da evolución da pandemia
- De todas estas actuacións serán informados os respectivos tutores/as do curso e Xefatura de Estudos, ademais das familias do alumnado. Reunirase ao alumnado, concretaranse as datas e informarase aos pais ou tutores dos mesmo.

O lugar, día e hora de ditas probas concretaranse na acta de departamento correspondente ao mes de outubro (programación e pendentes). Reunirase ao alumnado, concretaranse as datas e informarase aos pais ou titores dos mesmo.

SITUACIÓN DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES NESTE CURSO

2º ESO COA BIOLOXÍA DE 1º ESO. PENDENTE
2º C ESO PMAR 1. Alonso Costas, Edy Vale 2. Álvarez López, Iván 3. Fernández Ferro, María 4. Fernández Rivero, Unai 5. Vicente Sousa, Yeray 2º A ESO 6. Barriada Valverde, Naia 7. Trigo Gómez, Lara
2º BACHARELATO COA BIOLOXÍA DE 1º BACH. PENDENTE
1.-Romero Navarro, Iñigo

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECIMENTOS PREVIOS

O alumnado de 2º de Bacharelato que curse Bioloxía ou Xeoloxía, sen ter cursado Bioloxía e Xeoloxía de 1º de bacharelato, precisará dunha acreditación dos coñecementos previos de 1º para poder ser avaliado.

Esta acreditación poderá realizarse mediante o desenvolvemento e superación de traballos deseñados polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía, que versarán sobre aqueles contidos incluídos na materia de primeiro e dos que parte a citada materia de segundo ou mediante a realización dunha proba obxectiva ao inicio do curso baseada nos mínimos esixibles para a citada materia de 1º de bacharelato. **No curso 2022-2023 contamos cunha alumna con esta casuística.**

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

A expresión " diversidade" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e alumnas debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas, e alumno concreto).

O noso Departamento, xunto co de Orientación, coordinan as medidas de atención á diversidade propostas nas nosas materias e que consisten fundamentalmente en:

En 1º e 2º da ESO pónse especial énfase nas clases de **reforzamento** e nas **Adaptacións Curriculares** onde se prepara material educativo especial para aquel alumnado que, por diversas circunstancias, non poida acadar o nivel mínimo esixible no correspondente curso. Aplicándose os protocolos oportunos segundo sexa o caso.

En 2º e 3º curso da ESO desenvólvense os **Programas de mellora académica e do rendimento (PMAR) e Programas de Diversificación Curricular**. No presente curso 2022/2023, imos impartir un PMAR en 2º ESO e un PDC en 3º de ESO.

No curso académico 2022-2023, coa implantación da LOMLOE as **avaliacións ordinaria e extraordinaria terán lugar no mes de xuño**.

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Primeiro de Marzo desenvolverá a titorización do alumnado que non acade os mínimos na avaliación ordinaria. Establecendo actividades e medidas de reforzo individualizadas na aula, coa finalidade da preparación das probas da avaliación extraordinaria. Do mesmo xeito, para aquel alumnado que acadou os obxectivos na convocatoria ordinaria faranse actividades de ampliación ata o remate do período lectivo.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O traballo científico ten formas específicas para a busca, recollida, selección, procesamento e presentación da información que se utiliza ademais en moi diferentes formas: verbal, numérica, simbólica ou gráfica. Traballaranse habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, mensaxaría, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Fomentaranse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

A incorporación de contidos, nas diferentes unidades didácticas, relacionados co fomento das TIC fará posible a contribución ao desenvolvemento desta competencia tendo sempre en conta os recursos do centro, tramos educativos, o tipo de alumnado, a dispoñibilidade horaria e a evolución do curso. De forma xeral, fomentaranse as TIC coas seguintes accións:

1. Realización das actividades do alumno que se encontran en www.anayadigital.com.
2. Utilización de ordenadores e videoproxectores dixital para o desenvolvemento de contidos adicionais: presentacións, vídeos, apuntamentos...
3. Emprego do encerado dixital, canón e dos recursos que nos ofrece o espazo ABALAR (1º e 2º da ESO)
4. Emprego das aulas de informática para visitar páxinas web relevantes na nosa materia
5. Elaboración de materiais didácticos co emprego de paquetes ofimáticos e outros programas.
6. Emprego do correo electrónico (gmail) como ferramenta de intercambio de información entre o profesorado e o alumno. En 1º e 2º da ESO informarase á familia da súa utilización para que poidan supervisalo.
7. Emprego da [aula virtual](#) do centro para impartir materias:
8. Emprego da [páxina web do centro](#) como espazo de información para a comunidade educativa.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O Departamento é consciente da necesidade de desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora, así como de incentivar unha actitude positiva diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal. O profesorado do departamento ademais de participar en iniciativas como: a hora de ler, clube de lectore/as e o uso da biblioteca como fonte de búsqueda de información, propón as seguintes accións:

1º da ESO: continuaremos coa proposta didáctica doutros cursos: “O home que plantaba árbores”. Procederáse a súa lectura na primeira avaliación e a realización de actividades propostas pola unidade didáctica. Asemade nas dúas avaliacións restantes proporase a lectura dunha selección de libros pola súa temática asociada a materia, do que cada alumno/a poderá realizar un pequeno traballo que será tido en conta na súa avaliación.

3º da ESO: lectura voluntaria dunha escolma de libros depositados na biblioteca dos que cada alumno/a poderá realizar un pequeno traballo que será tido en conta na súa avaliación de diferentes artigos científicos relacionados co temario impartido, con breves cuestións para verificar a súa correcta comprensión.

1º Bacharelato: proposta da lectura do libro por trimestre, que poderase coordinar con departamentos de Física e Química e Tecnoloxía, así como co club de lectura. A temática é ampla, desde aventuras ata libros de divulgación científica, medioambiental. Asemade, tamén se incidirá máis na lectura comprensiva de noticias de prensa e actigos, tanto en formato periódico como dixital.

De maneira xeral: faranse lecturas de artigos de prensa, lecturas que aparezan nos libros de texto, noticias de divulgación científico-técnica...que contribúan á lectura comprensiva en tódolos niveis da ESO e do Bacharelato.

ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A nosa contribución ó Plan de Convivencia do centro está relacionada, por unha parte, co tratamento dos temas transversais e de Educación en Valores, xa expostos no apartado correspondente desta programación. Polo tanto, toda a acción educativa do noso departamento terá como obxectivo a formación humana do noso alumnado e fomentará valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e o respecto aos demais. Na medida da nosas posibilidades, axudaremos a resolver os problemas derivados das malas condutas e fomentaremos a harmonía e o respecto mutuo dentro e fóra da aula. Por outra parte, o Departamento segue as pautas establecidas polo Plan de implantado no centro e que contempla as seguintes accións básicas:

1. Educar ao alumnado para a convivencia democrática e a resolución pacífica de conflitos
2. Respetar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro recollidas no Regulamento de Réxime Interno
4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula, durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe
5. Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado, tanto na aula como fora dela, correxindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto
7. Controlar as faltas de asistencia así como os retrasos do alumnado e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

SECCIÓN BILINGÜE

A educación plurilingüe é moito máis ca promoción dunha segunda ou terceira lingua, é apostar polo desenvolvemento social, polo enriquecemento da comunidade e pola consecución dun mundo

máis plural. Con esa finalidade, o sistema educativo debe perseguir a plena capacitación plurilingüística do alumnado.

Está demostrado que a escolarización nun sistema plurilingüe, levado á práctica con rigor e responsabilidade, ten efectos positivos para o alumnado; non só desenvolve mellores habilidades nas materias de lingua senón que reforza a capacidade de simbolización e abstracción, o que favorece a adquisición doutras competencias básicas.

PROFESORADO PARTICIPANTE E MATERIAS IMPARTIDAS

O profesorado participante neste proxecto é o seguinte:

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:

- Hugo Alberto Casas Rodríguez, profesor de ensino secundario e con destino definitivo. Impartirá unha Sección Bilingüe (Galego/Inglés) en 2º da ESO, na materia de Paisaxe e Sustentabilidade
- Marcos Lago Álvarez, profesor de ensino secundario e con destino definitivo no centro. Impartirá unha Sección Bilingüe en 3º da ESO (Galego/Inglés), na materia de Bioloxía e Xeoloxía.

Departamento de Inglés:

- Ernesto Rodríguez Bolibar PES con destino definitivo Coordinador da Sección Bilingüe de 3º da ESO para a materia de Bioloxía e Xeoloxía
- Sara Ruibal Fernández, PES en expectativa de destino. Coordinadora da Sección Bilingüe de 3º ESO na materia de Paisaxe e Sustentabilidade.

ALUMNADO PARTICIPANTE.

O programa estará dirixido para o alumnado de 2º da ESO , 3º de ESO, que cursa inglés como lingua estranxeira. A súa participación é voluntaria. O número de alumnos/as participantes no presente curso académico é o seguinte: 12, en 2º de ESO; 20, en 3º de ESO. Neste curso 2021/2022 non se imparte en 4º da ESO nin en 1º de Bacharelato por falta de alumnado mínimo solicitante.

A selección do alumnado estableceuse en base ao nivel coñecemento da lingua inglesa, evolución académica e grao de madurez do alumnado. Na selección participaron os Departamento de Inglés, Bioloxía e o Departamento de Orientación co consenso da Dirección do centro e a Xunta Avaliadora de cada grupo.

No curso **2022-23** 0 alumnado participante nas seccións bilingües ascende a **32** A distribución en cada nivel educativo é a seguinte:

2º ESO: Landscape and Sustainability (18)

3º ESO Biology and Geology (15)

OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos son uns obxectivos moi xenéricos a nivel lingüístico xa que, os obxectivos, contidos, estratexias metodolóxicas e procesos de avaliación son os mesmos que xa están na programación xeral anual do departamento que seguen as pautas da normativa vixente para os cursos implicados.

Entre os obxectivos que se buscan conquistar con estas *Seccións Bilingües* temos:

- Mellora da competencia lingüística.
- Crear a necesidade de aprendizaxe de linguas estranxeiras como vehículo de comunicación.
- Construción dunha identidade Europea a través da aprendizaxe de linguas.
- Dotación de competencias plurilingües e pluriculturais.
- Adquisición de vocabulario e terminoloxía específica da área de ciencias.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A estratexia metodolóxica a empregar tentará de desterrar o concepto de que ensinar e aprender Ciencias da Natureza ou Bioloxía, require de experimentos sofisticados, exercicios cheos de fórmulas e a pronunciación de palabras imposibles.

A estratexia a utilizar é a de guiar ao alumnado e a de cambiar a súa forma de pensar axudándolles a desenvolver mecanismos de razoamento. A tendencia é crear e conseguir procesos mentais (visual, auditivo, lóxico, táctiles, etc) que lles permita optimizar a súa aprendizaxe. Este proceso requerirá un certo tempo e esforzo pero o beneficio para o alumnado é evidente.

Unha vez conseguidos os procesos mentais poderemos traballar todo tipo de contidos.

Como se expuxo anteriormente, tentárase en todo momento que a aprendizaxe sexa deductiva-inductiva con procesos lóxicos e ante todo experimental. É moi importante na aprendizaxe bilingüe o uso dos sentidos xa que a memoria visual e auditiva facilitarán o desenvolvemento de procesos lóxicos de asociación e facilitarán a mellora na velocidade de adquisición de coñecemento e vocabulario.

PAUTAS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO

Respecto deste tema hai que sinalar que as pautas para a avaliación do proxecto virán determinadas sempre pola evolución e motivación do grupo. ***A avaliación do proxecto será unha avaliación coordinada entre departamento de bioloxía e o departamento de lingua inglesa***

Previamente á avaliación **terá que haber unha avaliación inicial para saber en que nivel nos estamos a mover.**

Unha vez rematado o curso as pautas a seguir para a avaliación do proxecto son:

- *Evolución da intención comunicativa.*
- *Mellora da competencia lingüística: oral, escrita e lectora.*
- *Coñecementos científicos adquiridos en lingua estranxeira.*
- *Evolución do proceso lóxico á hora de realizar actividades.*
- *Capacidade de interacción e traballo en equipo.*
- *Uso e manexo do material.*

CLUB DE CIENCIA

O interese do alumnado polos estudos de Ciencias e Matemáticas vense reducindo nos últimos anos de xeito xeral en toda a UE (informe Rocard). Tamén, a nivel do noso centro educativo, levamos recollendo como ano tras ano, o alumando relaciona estas temáticas como "algo difícil" e decide descartase das materias vencelladas en canto ten oportunidade (en especial dende 4º da ESO).

Así, nos bacharelatos científicos detectamos este abandono temperá das ciencias, que ligado a un baixo rendemento académico, fai que os resultados sexan moi mellorables.

Con esta iniciativa, recollida en forma de *Club de Ciencia*, pretendemos incentivar o interese pola ciencia no noso alumnado, e mellorar así a súa predisposición para estudala e con iso unha mellora no rendemento académico e a atención a propia diversidade.

Consideramos especialmente importante o desenvolvemento temperá destas actitudes científicas, polo que nos centraremos sobre todo na ESO e no primeiro curso de bacharelato. Contamos con experiencias previas, como a visita a *Galiciencia* (Ourense) en 2016 e as actividades desenvolvidas

dentro do Contrato Programa 2016-2017: modalidade 5: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia académica, onde comezou o percorrido do noso *Club de Ciencias do Centro* e coa participación no programa de innovación educativa Club de Ciencia nas convocatorias de 2017- 18 , [2018-19](#), 2019-20, 2020-2021,2021-2022

De acordo coa convocatoria de Club de Ciencias **2022-2023**, o noso centro educativo conta coa renovación automática na súa participación, na que se engadiu a participación do departamento didáctico de Física e Química. Espérase a renovación automática para a *continuidade no curso 2022-2023*. (Resolución do 17 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Club de Ciencia” para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2022/2 <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/37445>)

A continuidade do *Club de Ciencias* dentro do presente curso académico, permitirá darlle un soporte físico (un tempo e un lugar) para desenvolver o interese pola ciencia no noso alumnado, pois entendemos que un proxecto científico non se pode desenvolver axeitadamente dentro das clases ordinarias dunha materia (pouco flexibles e con grande diversidade de intereses no alumnado).

PROPOSTA DE TRABALLO

Propomos un modelo de desenvolvemento do proxecto de Club de Ciencias integrado e coherente cos plans do centro (Plan Lector, Plan TIC, Convivencia,...) con aqueles de innovación educativa xa consolidados no noso centro, que son: o *Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)*, o *Club de Lectura (CL)*, o *Programa de Seccións Bilingües (SSBB)* e o *Plan Proxecta: Proxecto Ríos(PRíos)*.

De acordo coa presente convocatoria, o principal propósito do Club será a *promoción das vocacións STEM* (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas). O club fundamentarase nunha *metodoloxía baseada na indagación e aprendizaxe colaborativa*, e incorporará estratexias propias da *aprendizaxe baseada en proxectos e mediante retos*, incluíndo propostas tipo *Flipped Classroom*. Todas estas actuacións axéitanse a un *modelo de enriquecemento curricular*, no que o noso alumnado terá a oportunidade de coñecer e desenvolver aqueles aspectos do currículo científico e competenciais, que non se da no desenvolvemento ordinario dentro dos períodos lectivos convencionais.

A nosa proposta de actuación encádranse nas seguintes fases de desenvolvemento:

FASE 1. QUE É O CLUB DE CIENCIAS?

Xa iniciada ao durante a solicitude do Club de Ciencias, o alumnado foi informado nas clases sobre o que é un [Club de Ciencias](#) e a solicitude do programa por parte do noso centro e levouse ao cabo unha sondaxe do interese (número aproximado de participantes).

Tamén procedeuse á información do programa a toda a comunidade educativa e súa aprobación no Claustro do profesorado (25/09/2017) e no Consello Escolar (27/09/2017).

Esta fase completárase, se for o caso, coa concesión do proxecto. Farase entón unha presentación formal do todo o Club de Ciencias e do presente proxecto. Ademáis, e dado que implica actuacións fóra do horario lectivo, pediráselles unha **autorización** por parte dos pais/nais/titores legais para participaren no Club e elaborada para tal efecto.

Procederáse tamén a actualización do respectivo apartado de [Club de Ciencias](#) na web do centro e no [blog específico](#), creado a tal efecto.

FASE 2. INDAGAMOS

Nesta fase estimularemos ao noso alumnado, dándolle a coñecer a metodoloxía científica: que é o método científico e a aprender a traballar mediante a indagación científica.

Para este propósito, o profesorado implicado (departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas e Tecnoloxía) seleccionará unha *escolma de experimentos representativos* para cada disciplina implicada. En dúas xornadas de 1,5 horas, o alumnado distribuídos por grupos, entrará en contacto coa dinámica de traballo e farase unha idea das diferentes posibilidades de proxectos a levar a cabo, así como a resolución de problemas prácticos reais coa axuda da Ciencia e a Tecnoloxía.

Dende a *Biblioteca escolar* (PLAMBE) e o *Club de Lectura* (CL) coordinarase a lectura de actividades científicas (*artigos de divulgación científica*) e pequenos *libros sobre investigación e mulleres científica salientables*, axeitados aos diferentes niveis educativos.

Tamén se contempla a *exposición dunha serie de paneis sobre mulleres científicas salientables nos diferentes eidos* (Matemáticas, Ciencias Naturais e Tecnoloxía, ademais da complexidade do sexo, o xénero e a identidade sexual na nosa especie) cedidos polo CPI Manuel Padín Truiteiro e xerados dentro do *Plan Valora Igualdade 2007*.

Propónse un mínimo dunha visita/participación en [Galiciencia](#) 2022-2023 co alumnado de Club de Ciencias do ano anterior e as novas incorporacións (a participación virá dada aceptación dos traballos desenvolto en 2017-2019). E, segundo remanente dispoñible do orzamento, a visita a [Museo da Conserva](#) (Vigo), a [Museo do Mar](#) (Vigo) ou o [Museo Historia Natural](#) (Santiago).

Para o alumnado das *Seccións Bilingües* (SSBB, Inglés) ofertaráselles a oportunidade de traballar na lingua estranxeira obxecto deste programa e mesmo ligala coas intervencións enmarcadas dentro de *Proxecto Ríos (PRíos)*. Tamén, dentro da promoción do coñecemento da Ciencia, promocionarase dende o Club a participación do alumnado nas actividades de: *Olimpíada de Xeoloxía*, *Olimpíada de Matemáticas*, *Rally Matemático* e *Canguro Matemático*, nas que o noso centro xa ten participado.

FASE 3. INCUBADORA DE PROXECTOS

Nesta fase o alumnado, xa exposto a metodoloxía por indagación e a diversas experiencias exemplificadoras, organizarase en pequenos grupos ou individualmente e procederá a desenvolver un proxecto dos propostos polos departamentos didácticos ou por eles mesmos.

O profesorado implicado realizará un asesoramento e seguimento dos proxectos, de acordo cos espazos e tempos asignados a este proxecto (ver previsión de horarios e lugares).

Constitúe a fase máis longa do noso proxecto, e tentarase, na medida do posible, a elección de proxectos científicos viables en tempo e recursos e que sexan respectuosos co medio.

O alumnado disporá dun modelo de desenvolvemento do proxecto ([lab template](#) para SSBB), e levaranse ao cabo reunións *Science Talk* cos diferentes grupos para intercambiar entre eles problemas e inquedanzas durante as diferentes fases de realización dos proxectos.

FASE 4. DIVULGAMOS

Constitúe a fase final do noso proxecto, no que procederemos a difusión e divulgación final dos proxectos realizados, seguindo o formato de proxectos de indagación empregados.

Para iso contaremos co blog creado a tal efecto, coa páxina web do centro e tamén faremos uso das *Xornadas de Portas Abertas e de Acollida* (en maio-xuño) no que o alumnado do Club de Ciencias contará ao novo alumnado e as familias en que consiste este programa e algúns proxectos levados a cabo.

O formato de exposición pode ser en directo ou mediante TICs (vídeo, presentación, artigo escrito...) que se divulgará tamén a través dos medios de difusión antes citados.

Segundo o orzamento dispoñible, específico ou xeral dos departamentos implicados, procederase tamén a **1ª Entrega de Premios aos mellores proxectos realizados**, valorando o nivel educativo ademais da calidade propiamente o estudo.

Tamén, e como no presente curso, procederase ao envío dos mellores traballos a *Galiciencia*.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro do proceso de ensinanza e da práctica docente realizarase ao final do curso, por parte do docente e facilitando unha enquisa adaptada ao alumnado en formato enquisa google. Os resultados desta avaliación serán reflexados na memoria final deste departamento e tidos en conta na elaboración da programación didáctica do próximo curso.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívoase un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
Observacións:				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				

5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
Observacións:				

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O impacto e resultado da presente programación írase analizando, nas súas distintas partes, durante as reunións de departamento quedando constancia dos mesmos no libro de actas. Se se introducen cambios estes serán constatados na memoria final de curso para plasmarlos na programación do curso seguinte.

A programación didáctica revisarase unha vez por trimestre, agás no primeiro trimestre do curso 2016/17 pois o documento foi elaborado ao longo deste trimestre.

En cada unha das revisións deixarase constancia por escrito dos contidos que tiveron que ser engadidos ou eliminados, dos cambios na temporalización, nas ponderacións... e das causas que xustificaron estas alteriacións.

Os resultados das revisións das programacións serán recollidos na memoria final do departamento e teranse en conta durante a elaboración da programación didáctica para o próximo curso.

Indicadores

Para facilitar a reflexión docente, cumprimentarase unha rúbrica en soporte formulario Google, previa a reunión do departamento, e logo discutirase durante a mesma.

INDICADORES SEGUIMIENTO PROGRAMACIÓN

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				

8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos en determinadas materias de 2º de bacharelato.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bach.].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bach.].				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bach.].				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao inicio de curso o profesorado do departamento elaborará información básica relativa á programación didáctica para dala a coñecer á comunidade educativa e para garantir a súa publicidade .

Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso correspondente, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe.

O proceso de información levarase a cabo na propia aula polo profesorado implicado nas diferentes materias, e manterase sempre dispoñible a programación para consulta do alumnado no departamento de Bioloxía e Xeoloxía. Asemade, por petición de Inspección Educativa, disporase dunha copia da programación na Web do Centro: [Departamento de Bioloxía e Xeoloxía](#), ademais da facilitada á Xefatura de Estudos e á propia Inspección.

PROGRAMACIÓN DE PAISAXE E SUSTENTABILIDADE

2º ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e

mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na seguinte táboa recóllese a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais

CCL	PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.
	PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.
	PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.
CMCTT	PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.
	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeiformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.
	PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.
	PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterizaas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.
	PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.
	PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.
	PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.
	PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.
	PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.
	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.
	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.
CD	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeiformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.
	PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.
	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.
	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.

	PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.
CAA	PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.
	PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.
	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.
	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.
	PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.
	PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.
	PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.
	PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.
PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.	
CSC	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeofomas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.
	PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.
	PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.
	PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.
	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.
	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.
	PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.
	PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.
	PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.
	PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.
	PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.
	PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.
	PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.

CSIEE	
CCEC	PSB1.1.1. Elabora bosquejos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.




Gráfico resumo da contribución porcentual da materia ao desenvolvemento das competencias básicas.

TEMPORALIZACIÓN

Na seguinte táboa recóllese a secuencia temporal dos contidos da materia, organizados por temas e organizados no tempo. Os temas marcados como TEMA 0, son temas a desenvolver ao longo de todo o curso.

Temporalización	U.D.	Obxectivos	Contidos
1ª avaliación	Bloque 1. As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías		
	TEMA 1	b g h n	B1.1. Dimensión perceptiva das paisaxes. As paisaxes a través dos sentidos. Paisaxes vividas: fotografadas, relatadas e as paisaxes sonoras.
		b f h	B1.2. Fisionomía da paisaxe. Elementos visuais nas paisaxes: liñas, formas, volumes, texturas e cores. A súa composición escénica. Transcendencia da escala na análise.
		b e f h	B1.3. Paisaxe: manifestación formal das dinámicas antrópicas e naturais a diversas escalas espaciais e temporais. Elementos estruturais e texturais. Matriz biofísica: xeofomas, rede hidrográfica e cuberta vexetal. Usos do solo, formas e elementos: mosaico agrario, rede de asentamentos e redes de mobilidade. Paisaxe urbana.
		b f g h m	B1.4. Principios básicos da ecoloxía da paisaxe. Configuración espacial: matriz e teselas identificables nas paisaxes. As súas relacións espaciais e as súas funcións ecolóxicas. Necesaria conectividade nas paisaxes. Papel dos corredores ecolóxicos.
b f ñ		B1.5. Diversidade de paisaxes no territorio galego. Tipoloxías segundo dominancia de elementos e principais dinámicas (naturais e culturais). Espazos agroforestais. Espazos construídos: rede urbana e de comunicación. Grandes áreas da paisaxe galega. Principais tipos de paisaxes galegas.	
2ª avaliación	Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución		
	TEMA 2	b f h l ñ	B2.1. Paisaxe: produto social. Respostas culturais e tecnolóxicas da sociedade na súa relación co medio ao longo do tempo.
		b f g l ñ	B2.2. Continuidade e cambio nas paisaxes. As paisaxes actuais e as súas dinámicas. Pegadas de procesos pretéritos.
b e f		B2.3. Procesos históricos que explican as nosas paisaxes.	

3ª avaliación		g l ñ	
		b e f g h l	B2.4. Equilibrio ecolóxico, equidade social e eficiencia económica nas paisaxes. Fraxilidade das paisaxes. Necesario respecto ao equilibrio ecolóxico. Conflitos, impactos e ameazas sobre as paisaxes.
	Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles		
	TEMA 3	b e f g l ñ	B3.1. Cualificación das paisaxes. Valores que a sociedade lles outorga ás súas paisaxes. Carácter das paisaxes: esencia dos lugares. A paisaxe como construción colectiva.
		b f l m	B3.2. Valores ecolóxicos. Paisaxes sustentables. Rede de espazos de interese natural recoñecidos no contorno.
		b e f l ñ	B3.3. Valores históricos e patrimoniais das nosas paisaxes. Tipoloxías arquitectónicas propias das grandes áreas da paisaxe galega.
		b e f g h l ñ o	B3.4. Sinais de identidade das paisaxes galegas. Toponimia. Nomes das paisaxes. Manifestacións culturais vinculadas ás paisaxes: festas, lendas, e feiras e mercados. Literatura e paisaxe.
		b f g l m ñ	B3.5. Actividades económicas baseadas nos valores culturais e naturais que singularizan o territorio. Fenómeno turístico. Paisaxes como principal activo.
	Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía		
	TEMA 4	b f g m	B4.1. Paisaxe, saúde e calidade de vida. Influencia das paisaxes no benestar. Paisaxe e hábitos saudables. Benestar emocional e mellora da saúde nunha paisaxe de calidade.
b f l m ñ		B4.2. Ordenación, xestión e protección das paisaxes galegas. Convenio Europeo da Paisaxe.	
a b f g h		B4.3. Participación social na xestión das paisaxes. Exercicio dun dereito. A paisaxe como ben común.	

*A temporalización que se presenta é aproximada, pois adaptárase ás necesidades do grupo e aos imprevistos que xurdan.

No curso académico 2022-2023, coa implantación da LOMLOE as **avaliacións ordinaria e final terán lugar no mes de xuño**.

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Primeiro de Marzo desenvolverá a titorización do alumnado que non acade os mínimos na avaliación ordinaria. Establecendo actividades e medidas de reforzo individualizadas na aula, coa finalidade da preparación das probas da avaliación extraordinaria. Do mesmo xeito, para aquel alumnado que acadou os obxectivos na convocatoria ordinaria faranse actividades de ampliación ata o remate do período lectivo.

ASPECTOS CURRICULARES DESENVOLTOS POR TEMA (RELACIÓN ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO, CRITERIOS AVALIACIÓN)

A continuación resúmense as relacións entre os estándares cos seus respectivos criterios, competencia se indícase o grao mínimo de cada un para unha avaliación positiva.

U.D.	Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso					Grao mínimo consecución
	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	Bloque 1.As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías					
b g h n	B1.1.	B1.1.	PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.	CAA CCEC	100	
			PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.	CCL	50	
b f h	B1.2.	B1.2.	PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.	CCL CMCTT	50	
b e f h	B1.3.	B1.3.	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeofomas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.	CSC CMCTT CD	100	
			PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.	CSC CMCTT CD	50	
b f g h m	B1.4.	B1.4.	PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterizaas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.	CMCTT CCL	50	
			PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.	CMCTT CCL	50	
b f ñ	B1.5.	B1.5.	PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	CMCTT	100	
			PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	CMCTT	50	
			PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.	CMCTT	50	
	Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución					
b f h l ñ	B2.1.	B2.1.	PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.	CSC CMCTT CCL	25	
b f	B2.2. pretéritos.	B2.2.	PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.	CAA CSC	50	

g l ñ					
b e f g l ñ	B2.3.	B2.3.	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CSC CD	50
b e f g h l	B2.4.	B2.4.	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.	CAA CSC CD CMCTT	50
Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles					
b e f g l ñ	B3.1.	B3.1.	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.	CAA CSC CMCTT CD	25
b f l m	B3.2.	B3.2.	PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.	CSC CMCTT	50
b e f l ñ	B3.3.	B3.3.	PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.	CSC CD	25
b e f g h l ñ o	B3.4.	B3.4.	PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.	CAA CSC CCL CD	25
b f g l m ñ	B3.5.	B3.5.	PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.	CAA CSC CMCCT	25
Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía					
b f g m	B4.1	B4.1.	PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.	CAA CSC CMCCT	50
			PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.		25

b f l m ñ	B4.2.	B4.2.	PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.	CAA CSC CAA	25
a b f g h	B4.3.	B4.3.	PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.	CAA CSC CCL	25

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE PAISAXE E SUSTENTABILIDADE DE 2º DA ESO

A cualificación que constará ao final de cada avaliación e na avaliación final obterase dos resultados acadados nos seguintes aspectos formativos:

a) **O 80%** da cualificación obterase da nota media dos exames, dos que se realizarán alomenos dúas probas por avaliación. Cada proba valorarase, polo tanto, de 0 a 8 puntos sendo necesaria unha nota mínima de 4 puntos (3,5 compensable) para superala.

b) **O 20%** restante obterase das producións:

➤ Caderno de clase, tarefas e traballos de aula propostos – ata 2 puntos

c) O comportamento, interese servirá para o redondeo final da nota.

A cualificación final por avaliación, sen decimais, obterase da suma das diferentes partes cualificables, sempre e cando se acade a nota mínima da proba escrita, e procedendo a un único redondeo no resultado final, unha vez cumpridos os requisitos mínimos.

É preciso acadar 5 puntos na suma total para aprobar a avaliación.

Despois de cada avaliación haberá a posibilidade de recuperar a materia.

En xuño tamén haberá a posibilidade de recuperar a materia non superada, avaliándose sobre 10 puntos.

A nota final da convocatoria ordinaria de xuño será o promedio da nota real, non redondeada, obtida en cada avaliación. Nos redondeos sempre se terán en conta as producións, comportamento, interese...

Na convocatoria extraordinaria ou final de xuño:

- ✓ Haberá unha proba escrita sobre os contidos mínimos desenvolvidos durante o período de reforzo/afondamento, segundo o grao mínimo de consecución do estándar de aprendizaxe (con especial fincapé nos de valor 100%). A nota mínima necesaria para superar esta proba será dun 5.
- ✓ O alumnado presentará as actividades de reforzo que o Departamento, se é o caso, considere oportuno realizar téndose en conta no redondeo da cualificación final

Respecto da **Sección Bilingüe** en Inglés presente neste curso, tal e como indica a normativa (Orde do 18 de abril de 2007) a materia de lingua estranxeira nunca será obxecto de avaliación na materia non lingüística, polo que a súa valoración sempre redundará en beneficio do alumnado e nunca na súa contra

Para facilitar o seguimento da clase e ante a posibilidade de confinamentos (de parte do alumnado ou da totalidade do mesmo) todo o material tratado na clase estará ao dispor na aula virtual da materia creada a tal efecto.

PROGRAMACIÓN 4º CURSO ESO

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

OBXECTIVOS XERAIS

- Recoñecer á célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos
- Caracterizar os diversos tipos de células: procariotas, eucariotas (animal e vexetal)
- Identificar o material hereditario no seu contexto celular
- Recoñecer o ADN como constituínte dos cromosomas
- Describir a reprodución celular e comprender os conceptos de mitose e meiose relacionando a reprodución sexual coa variabilidade das poboacións.
- Comprender a estrutura do ADN e aproximación ao concepto de xene como unidade portadora de información xenética.
- Descubrir a enxeñería xenética e as súas aplicación e repercusións
- Comprender en que consiste a herdanza e a transmisión dos caracteres
- Explicar a orixe da vida na Terra e as probas da evolución biolóxica, así como as teorías e controversias sobre ela.
- Comprender os conceptos de ecosfera, biosfera, ecosistema e medio, e explicar a dinámica dos ecosistemas.
- Describir os principais ecosistemas e comprender as adaptacións dos organismos aos diferentes medios.
- Coñecer os efectos da intervención humana nos ecosistemas, explicar os principais impactos no medio e describir os medios máis axeitados para evitar ou reducir os efectos dos impactos ambientais.
- Describir os principais procesos do modelado da superficie da Terra e comprender a orixe das formas do relevo máis importantes.
- Comprender o concepto de sistema morfoclimático e as características dos sistemas morfoclimáticos das zonas temperadas e desérticas.
- Explicar os procesos xeolóxicos endóxenos asociados ao movemento das placas litosféricas.
- Coñecer a historia da Terra e explicar os principais métodos utilizados para a súa reconstrución

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na seguinte táboa recóllese a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais

CCL	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.
	BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..
	BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.
	BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.
	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
	BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
	BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.
	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.

	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.
	BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.
	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
	BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.
	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.
	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.
	BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.
	BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..
CMCCT	BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.
	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
	BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.
	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.
	BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.
	BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.
	BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.
	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.
CD	BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.
	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.
CAA	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
	BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.

	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
	BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.
	BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.
	BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.
	BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
	BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
	BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.
	BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.
	BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.
	BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.
	BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.
	BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.
	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
	BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.
	BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.
	BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.
	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
CSC	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.

	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.
	BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.
